

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR AXUDA DE LIBROS CURSO 2020/2021

- ANEXO I debidamente cuberto.

-Outra documentación complementaria:

a) **Anexo II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar.

b) **Copia do libro de familia ou equivalente** onde figuren todos os membros computables e **no seu caso sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, convenio regulador** onde conste a atribución da custodia do menor.

-Excepcionalmente poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

✓ **Certificado ou volante de convivencia.**

✓ **Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.**

c) Certificado acreditativo do **grao de discapacidade**, se fose o caso, recoñecido por un órgano que **non** pertenza á **Xunta de Galicia**.

d) **Violencia de xénero**: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) Resolución xudicial de **incapitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, no caso que corresponda.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o **alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia**.

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor e titores carezan de DNI e NIE.**

MOI IMPORTANTE:

-En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a **31 de decembro do 2018**, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

-No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables se opoñan a consulta da documentación correspondente, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:

- DNI ou NIE

- Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, á falta deste, o certificado tributación de imputacións no exercicio 2018.

- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia

- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%).

-As persoas que non residirán en España no ano 2018 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendimientos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. **No caso de carecer desta documentación ou se non obtiveran ingresos** deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.